

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VIMIANZO
Edificio	Capela de Santa Mariña
Dirección	Lugar de Paizás, s/n. 15129
	43.06805045250397 -9.030663849074497
Protección	
Descrición	<p>A ermida de Santa Mariña de Paizás foi fundada nos primeiros anos do século XVII polos labregos afidalgados Alonso de Castiñeira e Mariña de Gondomil, donos da casa de Castiñeira, unha aldea a pouca distancia de Paizás. Trátase, pois, dunha capela de pazo fundada por fidalgos con pretensións.</p> <p>Malia isto, o seu aspecto actual difire moito do orixinal. O cura-canteiro Saturnino Guinarte fixo en 1932 unha serie de reformas que transformaron a planta da capela case por completo, seica por ser moi pequena e ameazar ruína. Por iso se lle deu máis alto, construíuselle unha nova sacristía e unha nova dependencia, a meridional, para prestar acubillo ós romeiros ós que lles daba medo ós estoupidos dos foguetes cos que era costume festexar a Santa Mariña no día da súa romaxe. Da época fundacional quizais só conservamos ben a vella espadana, mailo seu patrimonio moble: No seu interior garda un rudo retablo barroco de pedra do século XVIII con imaxes tamén de pedra.</p>
Campás	1 Campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	28-03-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	2002	45	53

Información completa: [Capela de Santa Mariña - VIMIANZO \(GALICIA\)](#)